

**PROXECTO DE XORNADA  
LECTIVA EN SESIÓN  
ÚNICA DE MAÑÁ**



**Curso 2020 – 2021  
C.E.I.P. Sta. M<sup>a</sup> Castro  
Cabo de Cruz - Boiro**



## ÍNDICE

A) XUSTIFICACIÓN  INTRODUCCIÓN  OBXECTIVOS E MELLORAS QUE SE PRETENDEN  CONSEGUIR A TRAVÉS DESTE PLAN	3
B) HORARIO XERAL DO CENTRO	8
C) PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE DOS DOCENTES	10
D) IMPLICACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO NA  COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE NON LECTIVA	11
E) PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES  DE CARACTER VOLUNTARIO	12
F) PLANIFICACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE  COMEDOR E TRANSPORTE	17



## A) XUSTIFICACIÓN

### 1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade, como consecuencia da evolución da sociedade e dunha mellora da calidade de vida, atopámonos coa necesidade de adecuar o contexto escolar do alumnado a as necesidades e á demanda das familias e o profesorado. Faise necesario, ademais, conciliar a vida laboral e familiar para poder estreitar os lazos familiares.

A escola ha de ofrecer unha formación integral, que non acaba no horario académico, senón que ha de continuarse en horario extraescolar, con actividades que contribúan a completar dita formación.

Habemos de buscar a mellor organización para o noso alumnado, para as súas actividades, para a súa aprendizaxe, recursos, espazos, etc.

Esta visión de entender as relacións da educación coa sociedade significa asumir diversos principios básicos:

- 1.- A educación debe orientarse para fortalecer a cultura e os valores dunha cidadanía democrática en todas as súas dimensións.
- 2.- A educación é un factor esencial para promover e asegurar o progreso, a mobilidade, a integración e a cohesión social.
- 3.- A educación é un instrumento básico de renovación, creación e cambio cultural.
- 4.- A educación cumpre á súa vez unha función compensatoria das desigualdades sociais, económicas e culturais, así como toda a atención aos alumnos con necesidades educativas específicas.

A organización horaria que propoñemos no presente plan, supón a concentración do horario lectivo de 9’35 a 14’35 horas.



## 2. OBXECTIVOS E MELLORAS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR A TRAVÉS DESTE PLAN

Este plan específico de organización da xornada escolar formará parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e será incluído en a Programación Xeral Anual (PXA). Terá, á súa vez, relación coas necesidades sociais, persoais ou académicas do alumnado.

Os obxectivos xerais que se pretenden alcanzar coa posta en práctica da xornada continua son:

- Incrementar o rendemento escolar.
- Posibilitar a formación integral do alumnado.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
- Dinamizar o centro escolar en horario non lectivo.

Con carácter específico, destacamos os seguintes **obxectivos**:

- Dar resposta á demanda de moitas familias do cambio do horario.
- Aproveitar as horas nas que constatamos maior rendemento intelectual durante a xornada da mañá. Nas sesións das tardes constatamos que o rendemento do alumnado é moito menor.
  - Eliminar as horas que actualmente están desaproveitadas, entre o comedor e o comezo da xornada vespertina os luns e os mércores.
    - Mellorar a distribución horaria ó longo da semana, xa que as sesións das tardes de 75 minutos son difíciles de organizar, xa que se a facemos nunha única sesión é demasiado longa e se a partimos en dúas resultan demasiado cortas. Así mesmo coa xornada mixta resulta difícil axustar os horarios do alumnado para distribuír as 25 sesións semanais de forma equitativa.
  - Favorecer a consecución dos obxectivos recollidos no Proxecto Educativo do Centro (PE), tanto os estritamente académicos como os que fan referencia a adquisición de hábitos enriquecedores para o tempo de ocio.
    - Ofrecer uns recursos, a través da organización de actividades extraescolares polas tardes no centro escolar, ao alcance de todos os alumnos, para que poidan complementar a súa formación integral.
  - Propiciar a conciliación da vida escolar, familiar e laboral, ao permitir máis opcións ás familias e permanecer o centro con actividades ata as 18h, diminuír os desprazamentos ó centro e adaptar ós horarios das comidas nas familias con descendentes no instituto.



Estes obxectivos derivan, á súa vez, nun conxunto de melloras nos distintos ámbitos da dinámica escolar, tal como pasamos a describir a continuación.

### **ÁMBITO PEDAGÓXICO:**

- Mellorar o rendemento do alumnado.
- Distribuír máis racionalmente as súas actividades. Horario de mañá para as actividades curriculares e pola tarde outras actividades extraescolares.
- Aproveitar as horas de maior rendemento intelectual, cunha adecuada organización horaria. (Obviamente as últimas sesións da mañá serían de menor rendemento, pero sempre se renderá máis que nas sesións da tarde, co horario actual).
- Eliminar os “tempos mortos” entre as horas de despois de comer e o comezo da xornada da tarde.
- Previr o absentismo escolar. Algúns alumnos/as de infantil non veñen ás tardes porque queda a durmir a sesta, e cando hai mal tempo temos unha porcentaxe importante de absentismo ás tardes en todos os niveis.
- Favorecer o proceso educativo do neno na súa globalidade, e non só en horario lectivo (actividades extraescolares, traballo persoal, horario de descanso e comida).
- Poñer ao alcance dos alumnos/as actividades complementarias na súa contorna máis próxima e cun horario máis acorde á súa idade.
- Permitir unha mellor organización do seu tempo de lecer e as súas horas de estudo..
- Mellorar o nivel educativo dos pícaros/as ao aumentar a oferta das actividades formativas de carácter complementario.
- Posibilitar que o alumno/a poida optar voluntariamente ás actividades que o centro oferta, acordes cos seus intereses ou as súas afeccións.

### **ÁMBITO DE COORDINACIÓN.**

- Mellorar a relación escola-contorna, creando actitudes máis abertas e positivas favorecendo a súa participación e integración no centro.
- Rendibilizar as instalacións públicas para que podan desenvolver actividades outras institucións.
- Servir de ferramenta fundamental para compensar as desigualdades, facilitando o acceso ás actividades complementarias a todos os grupos sociais que actualmente están máis limitados.



- Implicar a todos os sectores da comunidade na tarefa educativa.
- Favorecer o perfeccionamento e reciclaxe do profesorado en horario de tarde, así como a innovación e a investigación educativa.
- Facilitar o desenvolvemento do plan de acción tutorial dedicado a alumnado e a familias.

### **ÁMBITO DA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL**

- Propiciar a conciliación familiar e laboral, sendo máis fácil compatibilizar horarios cando todos os días da semana se mantén o mesmo horario de entrada e saída.

Os pais dispoñerán das seguintes opcións de recollida dos seus fillos e fillas

- Ás 14.35h: Se non desexan facer uso do servizo de comedor.
- Ás 16.00h: Se queren recollelos despois de comer.
- Ás 17.00h ou ás 18:00 h.: Se desexan participar nas actividades extraescolares propostas pola ANPA, na actividade de Biblioteca
- Os alumnos non usuarios do servizo de comedor poden incorporarse, novamente, ás 16'00h para participar nas actividades extraescolares de carácter voluntario.
- Mellorar a compatibilidade de horarios para as comidas nas familias con outros/as fillos/as no instituto.
- Favorecer as expectativas de emprego, ao dispoñer de unha xornada sen interrupcións pola mañá..
- Dispoñer dun maior tempo pola tarde para poder organizar a vida familiar.
- Poñer a disposición das familias unha gran cantidade de recursos nos centros escolares.
- Establecer unha mellor relación entre o alumno e a familia, quedándolle tempo para o xogo e o lecer..

### **ÁMBITO DA SAÚDE**

- Posibilitar un horario de comidas máis racional para o alumno. Actualmente, o alumnado come 3 veces en menos de 6 horas (almorzo, merenda do recreo, xantar).
- Posibilitar o descanso dos alumnos trala comida. O alumnado que aínda precisa sesta vese obrigado a interromper a mesma dous días á semana para regresar ó Centro pola tarde. Ademais a sesta é unha rutina moi recomendada pola AEPED (Asociación Española de Pediatría).
- Aumentar no alumnado o horario dispoñible para a realización de actividades extraescolares,



deportivas e de aire libre.

- Proporcionar máis tempo para que os alumnos realicen as súas tarefas escolares e de estudo, propiciando que poidan irse antes á cama e gañen horas de descanso.



## B) HORARIO XERAL DO CENTRO

O centro permanecerá aberto desde as 9:35h ata as 18:00h de luns a venres. Na seguinte táboa pódese ver a distribución dos tempos lectivos, non lectivos e/ou complementarios propostos, tanto para a etapa de Educación Infantil como para a de Educación Primaria.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Servizo Madrugadores	8:00-9:35	8:00-9:35	8:00-9:35	8:00-9:35	8:00-9:35
Horario lectivo	9.35-14.35	9.35-14.35	9.35-14.35	9.35-14.35	9.35-14.35
Comedor	14:35-16:00	14:35-16:00	14:35-16:00	14:35-16:00	14:35-16:00
Horario de Apertura de Biblioteca		16:00-18:00	16:00-18:00	16:00-18:00	16:00-18:00
Actividades extraescolares, AMPA e Municipais (con custo económico)	16:00-18:00	16:00-18:00	16:00-18:00	16:00-18:00	16:00-18:00

### **HORARIO DE APERTURA DO CENTRO**

Con carácter xeral o horario de apertura do centro será ás 9.35h. O alumnado poderá acceder ás instalacións 10 minutos antes (9:25 h.)

### **HORARIO DE PECHE**

Con carácter xeral o centro permanecerá pechado desde as 18.00h para o alumnado e as súas familias.





## **HORARIO LECTIVO**

Os gráficos e táboas que achegamos a continuación recollen a proposta detallada da organización horaria dos tempos lectivos para as etapas de Educación Infantil e Primaria.

<b>HORARIO LECTIVO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA</b>		
<b>SESIÓN</b>	<b>HORARIO</b>	<b>DURACIÓN</b>
1º	<b>9.35-10:30</b>	55 minutos
2º	<b>10:30-11:25</b>	55 minutos
3º	<b>11:25-12:15</b>	50 minutos
-	<b>12:15-12:45</b>	<b>RECREO 30 min</b>
4º	<b>12:45-13:40</b>	55 minutos
5º	<b>13:40 – 14:35</b>	55 minutos

## **HORARIO NON LECTIVO**

**Horario de madrugadores:** Servizo completo: de 8:00 a 9:35h

**Horario de comedor:** Servizo completo: de 14.35 a 16.00h

**Horario da biblioteca:** De 16:00 a 18:00h. (De martes a venres)

**Horario de ludoteca:** Servizo completo: de 16:00 a 18.00h

**Horario de Actividades Extraescolares:** de 16.00 a 18.00h



## C) PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE DOS DOCENTES

Segundo a orde que regula a xornada escolar, a xornada lectiva do profesor será a mesma que se ten agora: de 25 horas semanais, máis cinco complementarias de obrigada permanencia no Centro, polo menos dúas horas realizaranse nunha tarde coa totalidade de claustro de profesores e unha hora de Atención ás familias.

Para planificar a actividade docente primarase o criterio de eficiencia, intentando que redunde no máximo aproveitamento do tempo dispoñible, tanto lectivo como complementario. O deseño que suscitamos permite a coordinación do profesorado para o traballo semanal por equipos docentes, niveis, Comisión de Coordinación Pedagóxica, etc.

Desenvolverase como aparece na táboa achega.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:35-14:35	Actividade lectiva	Actividade lectiva	Actividade lectiva	Actividade lectiva	Actividade lectiva
16:00-17:00	Claustro/ Reunión Xeral/ PFPP	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA
17:00-18:00	Equipos Dinamizadores/ Equipos de nivel	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA	BIBLIOTECA
18:00-19:00	Atención a familias				

Tal como vimos facendo ata agora, intentaremos adecuarnos ás distintas circunstancias e necesidades familiares, utilizando para iso, si fose preciso, outros momentos dentro das horas complementarias do profesorado para as reunións coas mesmas.

Para atender a biblioteca estableceremos quendas entre o profesorado.



## **D) IMPLICACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO NA COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE NON LECTIVA**

O claustro comprométese a colaborar e axudar na consecución das Actividades Extraescolares facendo constar que estas deben cumprir tanto as expectativas que toda a comunidade educativa espera delas, como o seu normal funcionamento e desenvolvemento.

Xunto coas labores de coordinación e supervisión, os profesores con presenza no centro durante este período, colaborarán coa dirección do centro (ou os outros membros do equipo directivo) para garantir a seguridade nas actividades e o normal desenvolvemento das mesmas, á vez que dan resposta a calquera eventualidade que se puidese presentar. Intentarase tamén a maior coordinación posible coa ANPA para o seguimento e avaliación das mesmas.

Outras actuacións que a dirección do centro podería encomendar si as necesidades ou circunstancias así os requiren son:

- Colaborar en controlar as entradas e saídas do alumnado que se incorpore ás actividades.
- Mediar nos problemas de convivencia que durante o desenvolvemento das mesmas puidese xurdir.
- Informar ao Equipo Directivo daquelas incidencias susceptibles de ser tidas en conta no transcurso das diferentes actividades.
- Poñerse en contacto coas familias se xurdira calquera incidente co alumnado.
- Calquera outra función que, por necesidades do servizo, e sempre dentro do marco das súas competencias, puidésese precisar.

Por outra banda, o propio profesorado será o responsable de avaliar a correcta aplicación das actividades, o grado de aceptación, si alcanzáronse os obxectivos desexados, etc.... coa vista posta en mellorar aqueles aspectos susceptibles diso.

Para rematar, debemos destacar o compromiso da Asociación de Nais e Pais (ANPA), na ampla oferta e organización de actividades extraescolares.



## **E) PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE CARACTER VOLUNTARIO**

O horario acordado para estas actividades queda fixado de 14:35 a 18:00 horas, de luns a venres, do 1 de outubro ao 31 de maio. Realizaranse de acordo coa programación e distribución que se especifica en cada unha delas, segundo proposta, acordo e aprobación do Claustro e Consello Escolar.

Todas as actividades extraescolares que se organicen no Centro deberán cumprir coas seguintes características:

- ✓ Tentarán conseguir un maior aproveitamento do tempo de lecer e así contribuirán á formación integral do alumnado do Centro.
- ✓ Deberán respectar as necesidades que o alumnado ten en relación co xogo, o descanso e a convivencia familiar, e na súa programación atenderán de xeito ineludible ás características físicas e evolutivas do alumnado.
- ✓ Serán de carácter voluntario para o alumnado.
- ✓ Estarán abertas a todo o alumnado do Centro, a non ser que, polas características das mesmas, teñan algunha limitación de idade.
- ✓ Deberán ser acordes co Proxecto Educativo do Centro.
- ✓ Deberán garantir a súa continuidade ó longo do curso escolar, sempre que contén co número mínimo de alumnado para poder ser levadas a cabo.
- ✓ As normas de convivencia e disciplina durante o desenvolvemento destas actividades serán as mesmas que as que se recollen nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC)
- ✓ Realizaranse actividades con carácter inclusivo, nas que se terá en conta as necesidades educativas especiais do alumnado.
- ✓ Adaptaranse os contidos a este alumnado co fin de que sexan accesibles a todos por igual.



A planificación destas actividades contribuirá a acadar os seguintes obxectivos:

- ✓ Favorecer aprendizaxes activas e significativas para o alumnado, dentro do contexto escolar, pero dun modo máis lúdico e participativo.
- ✓ Contribuír á atención á diversidade e á igualdade de xénero..
- ✓ Estimular e potenciar actitudes relacionadas coa creatividade, expresión artística, expresión corporal, autoestima, autonomía persoal; así como actitudes de compañeirismo, axuda, traballo cooperativo entre alumnos de diferentes idades, convivencia, hábitos de comportamento, responsabilidade, hábitos de saúde...
- ✓ Potenciar o papel social e educativo da escola.
- ✓ Promover a capacidade da escola como compensadora de desigualdades..
- ✓ Mellorar o traballo competencial en ámbitos como a lectura, a expresión artística, a planificación de tarefas, o coñecemento e goce do patrimonio histórico, cultural, lingüístico, etc.

A continuación detallamos as actividades que se ofertarán para o vindeiro curso académico 2020-2021:

### **SERVIZO MADRUGADORES:**

- De 08 a 09:35h (a chegada pode ser a calquera hora dentro desta franxa horaria).
- 3,5€/día.
- Hai que asistir xa almorzados.
- A empresa contratada para monitorizar ó alumnado é Landeiras Delicatessen.

### **COMEDOR:**

- De 14:35 a 16h.
- De luns a venres (con opción a asistir: días soltos, semanas alternas,...).
- 5€/día habituais; 6€/día puntuais; desconto dun 10% para o 2º irmán e seguintes.
- A empresa contratada para monitorizar ó alumnado é Landeiras Delicatessen.



**LUDOTECA:**

- De 16 a 18h.
- De luns a venres.
- 50€/mes socios; 60€/mes non socios; 5€/día esporádicos.
- A empresa contratada para monitorizar ó alumnado é Landeiras Delicatessen.

**BIBLIOTECA:**

- De 16 a 18h.
- De martes a venres.
- Gratuíta.
- O encargado da atención ó alumnado será o profesorado.

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLA ANPA:**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08-09:35h	MADRUGADORES	MADRUGADORES	MADRUGADORES	MADRUGADORES	MADRUGADORES
14:35-16h	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR	COMEDOR
16-17h	XADREZ 15€/mes COLE	TEATRO 15€/mes COLE	INGLÉS 15€/mes COLE	INICIACIÓN AO CANTO 15€/mes COLE	PATINAXE 12€/mes PAVILLÓN VALIÑO LUDITARDES 23€/mes COLE (16-17:30H)
17-18h	ACROBACIAS E PARKOUR 15€/mes COLE	TAEKWONDO 15€/mes COLE	MULTIDEPORTE 12€/mes COLE	MULTIBAILE 12€/mes COLE	

A oferta de actividades e servizos da ANPA LOUREDA a desenvolver nas instalacións do CEIP Sta. Mª do Castro o curso que ven é a seguinte:

**TAEKWONDO:** (+4 anos) Unha segunda clase no Ozono + 5€. 2 semanas gratis no Ozono de proba.  
**Impartida por Dani Torrado.**

**PATINAXE:** Pago trimestral. Será impartida por Trebello: deporte, cultura e ocio.



**INGLÉS:** Actividade práctica, inglés lúdico para acostumar o oído e perder o medo a falalo. **Será impartida polo mestre nativo lector.**

**TEATRO:** Aumentar a autoestima, controlar as emocións, descubrir a disciplina, aprender a desenvolverse en público e, sobre todo, divertirse. **Será impartida por Xurxo Barcala.**

**XADREZ:** O mellor xeito de mellorar a capacidade de atención, a concentración e de exercitar a memoria xogando. **Será impartida por Pepe Mouriño.**

**ACROBACIAS:** Unha actividade para estimular a coordinación e para axudar aos nenos a conectar co seu corpo. Desconto de 5€ para irmáns. **Será impartida por Juanra de Yumipark.**

**INICIACIÓN Á MÚSICA E CANTO POP/ROCK:** A música contribúe ao desenrolo integral: intelectual, auditivo, sensorial, lingüístico e motriz. **Será impartida por Susana Saavedra, cantante de Agoraphobia.**

**MULTIDEPORTE:** Iniciación a varios deportes cunha finalidade non competitiva (relacional, respecto de normas, auto aceptación,...). **Será impartida por Trebello: deporte, cultura e ocio.**

**MULTIBAILE:** Práctica de distintos bailes cunha orientación lúdica e de mellora da condición física. **Será impartida por Trebello: deporte, cultura e ocio.**

**LUDITARDES:** Cada sesión unha actividade diferente (experimentos científicos, cociña, manualidades, contos motrices,...). **Será impartida por Trebello: deporte, cultura e ocio.**

#### **REQUISITOS DESTAS ACTIVIDADES:**

- ✓ As actividades levaranse a cabo cando se cubra un número mínimo de anotados.
- ✓ Aos prezos para os non socios hai que engadir 15€/trimestre que se lle pagarán á ANPA por adiantado.
- ✓ As actividades teñen un compromiso dun trimestre (agás os servizos de: madrugadores, comedor e ludoteca). Chegando a nadal decídese se continúa ca actividade ou cambia a outra. A nosa intención é darlle a oportunidade aos nenos de probar diferentes disciplinas.



O persoal encargado da posta en marcha das actividades serán os monitores contratados pola ANPA para cada unha. Durante o tempo de desenvolvemento das actividades non lectivas garantirase a presenza no centro dun membro do claustro. Establecerase un sistema equilibrado de substitucións en caso de ausencia xustificada dalgún destes membros. Esta medida non implicará aumento de horas lectivas nin complementarias do profesorado. A distribución do alumnado realizarase atendendo á demanda, as ratios establecidas para cada actividade e sempre acorde á normativa vixente (actual e futura).





## F) PLANIFICACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE COMEDOR E TRANSPORTE

### COMEDOR

O comedor estará xestionado pola ANPA Loureda. A empresa encargada do cáterin e “Landeiras Delicatessen”.

O horario do comedor será de luns a venres de 14:35 a 16:00 horas.

A empresa proporciona o menú e os monitores encargados do coidado do alumnado no horario preestablecido.

Un exemplo de menú é o seguinte:



OCTUBRE						
Sem	L	M	Mi	J	V	S D
02						1
03	2	3	4	5	6	7 8
04	9	10	11	12	13	14 15
05	16	17	18	19	20	21 22
06	23	24	25	26	27	28 29
07	30	31				

NOVIEMBRE						
Sem	L	M	Mi	J	V	S D
03			1	2	3	4 5
04	6	7	8	9	10	11 12
05	13	14	15	16	17	18 19
06	20	21	22	23	24	25 26
07	27	28	29	30		

DICIEMBRE						
Sem	L	M	Mi	J	V	S D
03				1	2	3
04	4	5	6	7	8	9 10
05	11	12	13	14	15	16 17
06	18	19	20	21	22	23 24
07	25	26	27	28	29	30 31

LANDEIRAS DELICATESSEN  
TLF 981-865134

## MENÚ SEMANAL basal

AVARTE  
NUTICONSILI

Semana 01	Semana 02	Semana 03	Semana 04
792,20 Kcal	757,80 Kcal	745,20 Kcal	778,80 Kcal
21,02% g proteínas	20,60% g proteínas	20,80% g proteínas	23,04% g proteínas
13,87% g lípidos	27,64% g lípidos	13,94% g lípidos	24,18% g lípidos
45,08% g glúcidos	52,34% g glúcidos	45,26% g glúcidos	52,80% g glúcidos

Menú supervixado por personal especializado

01

02

03

04

LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
Macarrones a la boloñesa con espinacas	Repollo a la gallega	Crema de zanahoria	Tortilla de calabacín	Lentejas guisadas
Pescado en sámana y ensalada	Frito de berrejenas con ternera	Pollo con salsa de tomate e patatas cocidas	Albóndigas con arroz branco	Croquetas de bacalao con ensalada
Yogurt de sabores	Melocotón	Macedonia	Mandarina	Yogurt de sabores
Ensaladilla rusa	Sopa de verduras	Crema de puerro, patata y zanahoria	Ensalada de espárragos	Potaje de garbanzos
Filete de pescado al horno con arroz branco	Lomo de cerdo a la naranja con patatas fritas	Pollo con arroz branco y monstra	Macarrones boloneses	Calamares con patata cocida
Manzana	Plátano	Macedonia	Mandarina	Queso gallego fresco con mentrillo
Sopa de cuscús	Adiás verdes con ajada	Empanada de jamón y queso	Ensalada mixta	Crema de verduras
Pollo frito con patatas fritas	Rato patatas y champiñones	Filete de pescado con salsa verde	Albóndigas con arroz branco	Patatas guisadas con calamares y mejillones
Manzana	Pera	Macedonia de frutas	Bol de yogurt y melocotón	Plátano
Guisantes con patatas y jamón cocido	Arroz tres delicias	Sopa de cocido con trepoceros	Fahada	Sopa de verduras
Pasta con pollo	Croquetas de pollo con ensalada	Carné al caldero con patatas	Atún al horno con champiñones y patatas	Milanesa con macarrones y salsa de tomate
Pera	Yogurt de sabores	Manzana	Macedonia	Kiwi



## TRANSPORTE ESCOLAR

O Centro conta con 3 liñas de transporte escolar. Na actualidade estanse traspasando a xestión de dúas liñas dende a Consellería de Educación á de Infraestruturas e Mobilidade, aínda que se atopan en proceso de licitación. Todas as liñas contan con monitora.

Consellería Infraestruturas e Mobilidade	Consellería Educación	Consellería Infraestruturas e Mobilidade
LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3
CAIXA DE AFORROS	MAVI	BANDALRÍO
CAMPO	CAPELA	PETÓN
FONTENLA	MALECÓN	CARRAGUEIROS
CARIÑO	CORVIÑO	CHAZO
XIÓN	CURBERA	SILVOSA
MIRAMAR	ESTEIRO-GRUPO	FONTEDEMOURO
	ESTEIRO	ROMARIZ
	MONTEPEQUENO	LAGOA

Para poder implantar a xornada única o Centro asume as seguintes cuestións expostas dende Transporte Escolar:

- ✓ Comprometémonos a organizar gardas da alumnado nas saídas para custodiar ós usuarios da liña 2 procedente do instituto e que pode chegar ó Centro cun atraso duns 5 minutos.
- ✓ O cambio de xornada tería efectos en caso de ser aprobada dende a data do curso 2020-2021 en que se poña o servizo o proxecto de explotación XG-847 para evitar custos económicos complementarios de contratación de servizos que poidan colisionar en caso de ter atraso a implantación dado que o proxecto está en proceso de licitación. Isto podería supoñer empezar o curso 2020-2021 co horario de xornada mixta e ter que cambiar a metade de curso á xornada única.